



Organiza



fundacioncarloscasares.org/

AS CARAS DOS LIBROS

Contido da exposición

“As caras dos libros” reúne e amosa unha ampla e significativa selección de cubertas das obras de Carlos Casares. Utilizando o marco temporal de 50 anos entre a publicación de *Vento ferido* (1967) e o Día das Letras Galegas de 2017, que foi dedicado ao escritor, a Fundación Carlos Casares achega máis dun centenar de cubertas das súas obras. Unha grande parte son da editorial Galaxia, polo que se pode facer un seguimento da historia do deseño desa editorial, pero a prolífica obra e as traducións que fixo e que tivo Casares fai que esta teña múltiples visións e deseños. Xunto coas imaxes das cubertas, proporciónase tamén algo de información, como a autoría do deseño da cuberta, a editorial, o ano de edición ou a persoa encargada da tradución, citas e dedicatorias, etc. Por último, a exposición dispón dun panel que sinala as diferentes partes que conforman o libro como obxecto cultural. Se cadra máis complexo do que, á simple vista, poida parecer.

Créditos da exposición

Comisarios

- Gustavo A. Garrido García
- Miguel Valverde Juncal

Documentación

- Iria González Figueroa
- Alba Reboreda Covelo

Agradecementos

- Editorial Galaxia
- Fundación Penzol
- Manuel Janeiro
- Antonio García Teijeiro
- David Otero
- Amparo Solla
- Pedro Ferriol
- David Pintor
- Siro López
- E todas as persoas que fixeron posible esta exposición

Deseño

- Miguel Valverde

Caricatura de Carlos Casares

- Siro López Fernández, 1980



fundacioncarloscasares.org/ascarasdoslibros/

Unha viaxe polo deseño das cubertas

O deseño da cuberta dun libro establece un primeiro diálogo entre o escritor ou escritora e o lector ou lectora a través da linguaxe plástica, combinando a composición textual e tipográfica, a imaxe, as cores e a mensaxe simbólica que presenta o título.

Os e as artistas e profesionais que se ocupan do deseño e ilustración dos libros convértense, xa que logo, en provedores de contidos visuais, cumprindo catro funcións esenciais de deseño: a función **seductora**, en que o deseño debe ser atraínte; a **semiótica**, na que a comunicación simbólica entre o deseño da cuberta e a obra sexa axeitada e dialoguen entre si; a **identitaria**, onde o deseño sirva para identificar rapidamente unha editorial, colección, autor...; e a **material**, relacionado co deseño físico, a ergonomía e conservación da obra.



Queres saber máis? Visita o sitio web da exposición e adéntrate nas caras dos libros.